



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2015/16 |
|----------------------------|--|---------------|--|----------------|---------|
| Subject (*) | Idioma Moderno 2: Francés | Code | 613G03029 | | |
| Study programme | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Graduate | 1st four-month period | Third | Optativa | 4.5 | |
| Language | French | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Galego-Portugués, Francés e Lingüística | | | | |
| Coordinador | Regueiro Diehl, María Mercedes | E-mail | mercedes.regueiro.diehl@udc.es | | |
| Lecturers | Marti , Alexandra Françoise Regueiro Diehl, Maria Mercedes | E-mail | alexandra.marti@udc.es mercedes.regueiro.diehl@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Estudaranse os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral), insistindo especialmente na participación máis activa nas conversas, así como na corrección da pronuncia e da produción escrita.</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter perfectamente consolidadas as competencias do nivel A2+ e terse iniciado nas competencias propias da primeira etapa do nivel B1 segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> | | | | |

Study programme competences

| Code | Study programme competences |
|------|-----------------------------|
|------|-----------------------------|

Learning outcomes

| Learning outcomes | Study programme competences | | |
|--|-----------------------------|----------------------|----|
| | A8 | B4 | C2 |
| Comprender os puntos esenciais dun discurso oral (tamén de programas de radio e de televisión) cando se utiliza unha lingua lenta, clara e estándar e cando se tratan asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou temas de interese persoal. | A15 | B8 | |
| Facerse entender e intercambiar ideas e información sobre temas habituais en situacións predicibles da vida diaria. | A8 A10 A15 | B4 B5 B7 B8 | C2 |
| Participar e interactuar con relativa facilidade en situacións orais estruturadas sobre asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou sobre temas de interese persoal ou académico. | A8 A10 A15 | B4 B5 B7 B8 | C2 |
| Expresar/describir de maneira sinxela mais cohesionada actividades, experiencias, sentimentos, desexos, opinións, proxectos? e dar razóns e explicacións sobre eles. | A8 A10 A15 | B4 B5 B7 B8 | C2 |



| | | | |
|---|------------------|--|----|
| Buscar información específica e comprender textos sinxelos redactados en lingua estándar. | A8 A15 | B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | C2 |
| Referir unha historia, o argumento dunha película ou dun libro? e expresar ao respecto reaccións persoais. | A8 A10 A15 | B4 B5 B7 B8 | C2 |
| Escribir textos sinxelos e coherentes (breves ensaios, presentacións, cartas, correos electrónicos?) sobre temas de interese persoal ou académico, describindo experiencias e opinións. | A8 A10 A15 | B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | C2 |

| Contents | |
|-----------------------------|---|
| Topic | Sub-topic |
| A. Gramática | <ol style="list-style-type: none"> O verbo. Os tempos simples e compostos (indicativo, condicional, imperativo). A conxugación pronominal. A negación das formas verbais. Uso dos auxiliares e casos xerais de concordancia do participio co suxeito e co complemento directo. A interrogación e a negación. Comparativos e superlativos. Os pronomes persoais: o pronome "on"; complemento directo; complemento indirecto; "en"; "y". Colocación e orde. Os pronomes relativos "qui", "que", "où", "lequel", "dont". Os adxectivos e os pronomes demostrativos. Uso con "de" e cos pronomes relativos. A expresión da condición e da hipótese. O subxuntivo. |
| B. Obxectivos comunicativos | <ol style="list-style-type: none"> Descibir persoas, obxectos, lugares. Expresar, comparar e opor cualidades, cantidades e feitos. Narrar experiencias. As relacións sociais: convencións e comportamentos en contextos formais e informais. Expresar opinións e sentimentos. Expresar gustos e preferencias (e contrarios). Aprobar e rexeitar. Facer propostas e suxestións. Reaccionar ante suxestións. Facer proxectos e hipóteses. |



| | |
|-----------|---|
| C. Léxico | <ol style="list-style-type: none"> 1. A vivenda, o fogar, o contorno. 2. Viaxes e transportes públicos e privados. 3. A natureza e o medio ambiente. 4. A moda. 5. Alimentación e gastronomía. 6. Os obxectos: forma, materia, textura, cor. 7. O corpo, a saúde e os cuidados físicos. 8. A vida emocional, afectiva e sexual. |
|-----------|---|

| Planning | | | | |
|--------------------------------|------------------------------------|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Introductory activities | A8 A10 A15 B1 B4 B5 B6 B8 C2 | 1 | 0 | 1 |
| Directed discussion | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2 | 12 | 20 | 32 |
| Workbook | A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C2 | 0 | 10 | 10 |
| Objective test | A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2 | 0 | 10 | 10 |
| Speaking test | A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2 | 0 | 6 | 6 |
| Guest lecture / keynote speech | A8 A15 B1 B5 B6 B7 C2 | 7 | 10 | 17 |
| Problem solving | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2 | 12 | 20 | 32 |
| Personalized attention | | 4.5 | 0 | 4.5 |

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|-------------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Introductory activities | Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado. |
| Directed discussion | <p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo do-da profesor-a lector-a.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade.</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado "Avaliación" desta guía).</p> |
| Workbook | Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia. |
| Objective test | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas. |



| | |
|--------------------------------|---|
| Speaking test | Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual. O alumnado terá tamén que ler un texto en voz alta e improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual de apoio. |
| Guest lecture / keynote speech | Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional. |
| Problem solving | Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita. MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?). Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado "Avaliación" desta guía). |

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|--------------------------------|---|
| Objective test | A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo. O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen. Os-as estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes. Os horarios de titorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade. |
| Guest lecture / keynote speech | |
| Workbook | |
| Speaking test | |
| Problem solving | |
| Directed discussion | |

Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|---------------------|---------------------------------|---|---------------|
| Objective test | A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2 | Probas escritas da parte práctica e da parte teórico-práctica que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas. | 42 |
| Speaking test | A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2 | Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas. | 12 |
| Problem solving | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2 | Actividades da parte teórico-práctica (contidos gramaticais, expresión escrita e comprensión lectora). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas. | 30 |
| Directed discussion | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2 | Actividades da parte práctica (léxico, expresión oral, comprensión oral, interacción oral). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas. | 16 |

Assessment comments



LEA

ATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas oportunidades para aprobar a materia: a primeira ao remate do primeiro cuadrimestre e a segunda no mes de xullo. As datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames.

2. A materia está dividida en 2 partes:

teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (60% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (40% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservaríase a nota para a segunda oportunidade de xullo.

2.1. En cada parte da materia é obrigatorio realizar e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 1º cuadrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade).

2.2. Na parte práctica será ademais obrigatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, que se realizará ao remate do 1º cuadrimestre. O profesorado comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral.

2.3. En cada parte da materia é obrigatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio práctico. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes da realización do exame da primeira oportunidade, o 75% das actividades programadas e obter unha nota media de 5 sobre 10.

3. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

3.1. Parte teórico-práctica (60% da cualificación final):

- a) Un 50% da nota valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).
- b) Un 45% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).
- c) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.

Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os

contidos e destrezas dos apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

3.2. Parte práctica (40% da cualificación final):

- a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).
- b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os



requisitos do apartado 2.2).

c) Un 35% valorará as actividades (debe cumprir os requisitos do apartado 2.3).

d) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.

Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os

contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperala totalmente ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade) segundo as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.

4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade. A data, lugar e hora de realización do exame oral da segunda oportunidade comunicárase durante a realización do exame escrito.

4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas xunto coas notas da oportunidade de xaneiro de 2016 as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega, etc.).

4.3. De suspender a materia na primeira oportunidade e ter unha puntuación de 0 punto no apartado de asistencia en cada parte da materia, a porcentaxe asignada a este apartado (5%) engadirase a unha das partes que haxa que recuperar, nesta orde de prelación: a) exame escrito; b) actividades; c) exame oral.

5. En cada oportunidade de avaliación o alumno-a alumna recibirá a calificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: se non se presentar a ningunha das probas oficiais de avaliación (escritas e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas en cada parte da materia.

6. O estudiantado a tempo parcial que teña concedida a dispensa académica pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades programadas segundo o disposto no apartado 2.3 (as actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). En caso contrario, aplicaráselle o establecido no apartado 4.2. En calquera caso, a porcentaxe asignada en cada parte da materia á asistencia (5%) reasignarase como se indica no apartado 4.3.

7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.



Sources of information

| | |
|----------------------|---|
| Basic | <ul style="list-style-type: none"> - BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E. - BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E. - (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier. - DELATOUR, Y. (1991). Grammaire du français. Paris: Hachette F.L.E. - FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL. - GAILLARD, B. (1995). Le Français de A à Z. Paris: Hatier. - (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse. - GRÉGOIRE, M.; THIÉVENAZ, O. (2002). Grammaire progressive du français avec 500 exercices. Niveau intermédiaire. Paris: CLE International. - (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert. |
| Complementary | <p>Ao longo do curso ofreceranse referencias bibliográficas e outros recursos específicos para cada tema. Tanto nas clases teórico-prácticas como nas prácticas facilitarase ao alumnado diverso material complementario. Na biblioteca do centro pódese atopar todo tipo de material impreso e audiovisual relacionado coa lingua francesa en consoancia co nivel e os intereses do alumnado. É recomendable que se solicite orientación e consello ao profesorado da materia.</p> |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Idioma Moderno: Francés/613G03016

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Idioma Moderno 3: Francés/613G03033

Other comments

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.